



Tempo de Lecer Ourense

Polafía en Muíños

Muíños (Muíños)

POLAFÍA EN MUÍÑOS

OURENSE



· HISTORIAS DE ARRAIANOS ·

Instalacións da S.C.D.X. Fontefría
Complexo Turístico "O Corgo"

Sábado, 1 de outubro de 2016
ás 17:00 horas

Coas intervencións de:


David Pérez, Celso Diz, Inés Rodríguez, Carlos Morais,
Antonio González Baralló, Lino Perdiz e Isidro Novo

Música:


Xurxo Souto e Ordeiki

Entrada libre

organiza



patrocina



colabora

Asociación Os Arraianos
Librería Airo das Letras (Allariz)
Librería Trago-Mundo (Vila Real)
Núcleo de Estudos e Pesquisas
Montes Laboreiro

A Sección de literatura de tradición oral da AELG propón visitar o **Concello de Muíños** para asistir a unha nova **Polafía**, a trixésimo segunda edición, unha revista oral que terá como tema central a literatura oral da raia. O que suceda nesta Polafía, como xa sucedeu en todas as anteriores, gravarase para incorporar ao arquivo oral da web AELG.

O acto terá lugar nas instalacións da **Sociedade Cultural, Deportiva e Xuvenil Fontefría**, no Complexo Turístico O Corgo, o **sábado, día 1 de outubro**, ás **17.00 horas**, e contará coas intervencións de David Pérez, Celso Diz, Inés Rodríguez, Carlos Morais, Antonio González *Baralló*, Lino Perdiz e Isidro Novo. A parte musical correrá a cargo de Xurxo Souto e Ordeikí.

Este acto, organizado pola AELG e pola Sociedade Cultural, Deportiva e Xuvenil *Fontefría*, conta co apoio da Consellaría de Cultura e a colaboración da Asociación *Os Arraianos*, a Librería *Aira das Letras*(Allariz), a Livraria *Traga-Mundos* (Vila Real) e o Núcleo de Estudos e Pesquisa dos Montes Laboreiro.

Que son as Polafías?

As Polafías son un proxecto nacido en 2007 da man da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG e que, con coordinación de Antonio Reigosa, ten como obxectivo recuperar usos de creación musical e literaria de carácter popular, por medio dunha adaptación das antigas xuntanzas tradicionais (fiadas, polavilas, etc) aos tempos actuais, nos que os recursos técnicos permiten darlle un carácter estable e con garantía de futuro á creación espontánea dos asistentes.

A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora nos axudamos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de internet, para conseguir unha ampla difusión deste patrimonio.

Máis información: <http://www.aelg.gal/Polafias/> (<http://www.aelg.gal/Polafias/>)